

TEMA 17. A RESTAURACIÓN

En **1874**, a finais da **Primeira República**, España vivía un momento difícil debido a moitos **problemas**:

- As tensións entre os propios republicanos (cantonalistas, federalistas, unionistas),
- O impacto das revolucións cantonais e das reivindicacións obreiras,
- E as guerras carlista (a terceira) e a de independencia en Cuba.

Estes problemas provocaron caos e unha gran inestabilidade política (con gobernos que non duraban), pero tamén un medo crecente tanto no exército (que temía a desintegración de España) como nas clases propietarias (que con tanta axitación popular temían unha revolución social dos de abaixo).

Este caos e estes medos levaron a **Cánovas del Castillo** (político monárquico e conservador) a preparar a restauración da monarquía na persoa de **Alfonso de Borbón** (fillo de **Isabel II**). E para logralo redactou o “**MANIFESTO DE SANDHURST**” (1/12/1874), que asinou o propio **Alfonso**, argumentando que a monarquía era, por tradición, a mellor solución posible, que el era o lexítimo herdeiro, e que estaba disposto a volver como Rei e a acatar unha constitución liberal. Só dous días despois, o xeneral **Martínez Campos** fixo un **pronunciamiento*** militar en **Sagunto** (Valencia) proclamando como rei de España a “**Alfonso XII**”, sen que houbera oposición algunha.

Remataba así a **Primeira República**, convertida xa nunha ditadura polo xeneral **Serrano**, comezando o período histórico coñecido como **Restauración borbónica**, ao volver novamente os **Borbóns**.

BASES DO SISTEMA CANOVISTA e QUENDA

Cánovas deseñou un sistema para que esta **Restauración** durase no tempo (sistema canovista), en torno a 3 bases ou características sólidas e inamovibles: **Rei, Cortes e turno**:

1ª) Unha **monarquía constitucional e conservadora** (volvendo ao liberalismo doutrinario ou conservador);

2ª) coa **Soberanía** compartida entre o **Rei** (que nomea ao Goberno) e as **Cortes** (nas que o partido do **Goberno** debía ter sempre a maioría de deputados, para telas baixo o seu control);

3ª) e cun sistema de turno bipartidista: é dicir, con só 2 grandes partidos políticos monárquicos ou dinásticos, que debían turnarse no poder mediante un **SISTEMA DE QUENDA*** pacífica, que funcionaba así: - cando o **goberno** atravesaba problemas (críticas, desgaste, esgotamento...), - o **Rei** nomeaba **Presidente** ao xefe da oposición, que disolvía **Cortes** e convocaba eleccións... - que debía gañar o seu partido, recurrido, se fose necesario, ao fraude electoral. Estes dous partidos, que lograron agrupar a case todos os anteriores, eran:

- O **Partido Conservador** (liberais moderados e Unión Liberal*), de **Cánovas**;
- e o **Partido Liberal** (progresistas e algún demócrata), de **Sagasta**.

Con este sistema de quenda ou turnista, conseguíanse varios obxectivos:

- evitar que entrasen no goberno os partidos inimigos deste sistema (republicanos, obreiros, nacionalistas periféricos...), e polo tanto asegurar a súa duración;
- conseguir a estabilidade política que faltara en etapas anteriores, dando aos **progresistas** a posibilidade de gobernar (lembrems que con **Isabel II** só o lograban mediante pronunciamentos);
- e evitar por fin os pronunciamentos militares, afastando aos espadóns da política (para telos sometidos e tranquilos).

Cánovas puxo tamén ao **Rei** como **Xefe das Forzas Armadas**). O problema era que este sistema deixaba fóra a todo aquel que non se sentía representado por esas 2 opcións: por exemplo aos votantes de partidos obreiros (**PSOE**), republicanos, nacionalistas ou carlistas, o que á longa acabaría aumentando as protestas contra este sistema de democracia fraudulenta.

A 4ª base ou pilar deste sistema, foi a **Constitución**.

CONSTITUCIÓN DE 1876

Tras a chegada de **Alfonso XII** (xaneiro 1875), o novo rei nomeou a **Cánovas** presidente do goberno, e este convocou eleccións a **Cortes** constituíntes (aínda por **SUFRAXIO*** universal masculino), que gañou precisamente o seu partido, o **Partido Conservador**. Esas Cortes, saídas desas eleccións, foron as que elaboraron a **Constitución de 1876**, que:

- 1) Era en esencia liberal doutrinaria/conservadora (como Cánovas);
- 2) Establecía que España era unha monarquía constitucional, con amplos poderes para o **Rei** xa que:
 - a) compartía soberanía coas Cortes (non só reina, tamén goberna);
 - b) nomeaba libremente ao presidente de entre os ministros;
 - c) podía suspender ou disolver as Cortes (con dereito de veto);
 - d) estaba ao mando do exército (para controlar aos militares e evitar pronunciamentos);
 - e) e dirixía ademais a política exterior.
- 3) Establecía **Cortes bicamerais** (Congreso e Senado... cos senadores elixidos a dedo polo Rei);
- 4) e daba ao **Goberno Central** o control das deputacións provinciais e dos concellos (Estado centralizado).
- 5) Os dereitos dos cidadáns apenas aparecían (nin sequera o sufraxio), quedando pendentes (de feito, no turno de **Cánovas** este tendía a limitalos; e no de **Sagasta** este tendía a amplialos aprobando por exemplo o **sufraXio universal masculino**, a liberdade de prensa ou a liberdade de asociación).
- 6) E establecía o **Estado Católico** (relixión oficial), tolerando outros cultos (pero só en privado); a Igrexa recuperaba así o seu tradicional enorme poder en España. Esta foi a **Constitución** máis lonxeira da Historia de España (1876-1923), perdurando 47 longos anos, ata o establecemento da **Ditadura de Primo de Rivera**. De feito, cando **Alfonso XII** morreu repentinamente de tuberculose, en 1885, con só 27 anos, **Cánovas** e **Sagasta** reuníronse coa rexente **María Cristina** para acordar con ela continuar co **turnismo**, acordo que se coñece como "**Pacto de El Pardo**", para asegurar así a estabilidade do sistema. A raíña estaba entón embarazada de 3 meses do que anos máis tarde sería **Alfonso XIII**.

MODELO OLIGÁRQUICO E FRAUDULENTO

Pero esta longuíssima duración logrouse mediante a falsa democracia planeada por **Cánovas**, quen creou (coa aprobación do **Rei**) un sistema de completo fraude electoral, co fin de asegurar o chamado "turnismo" ou quenda pacífica entre os dous partidos; 20 eleccións xerais houbo entre 1876 e 1923, e ningún goberno que as convocou as perdeu! Como funcionaba este fraude unha vez convocadas as eleccións?:

- 1º) o ministro de **Gobernación** encargábase de facer o encasillado ou **ENCADRAMENTO***, que consistía en "fabricar" antes das eleccións os resultados desexados, asignando previamente os escanos, tal e como os pactasen os dous partidos da quenda: o de **Cánovas** e o de **Sagasta**, e por suposto dando sempre ampla maioría ao partido ao que lle tocaba gañar.
- 2º) estes resultados pactados comunicábanse ao gobernador civil de cada provincia.
- 3º) e este apoiábase nos **CACIQUES***, persoas que, valéndose do seu poder, status ou influencia, lograban influír sobre os seus veciños (especialmente no rural) para que votasen o que tiña que saír.

4º) Ademais, recurríase tamén a outras formas de fraude electoral como o **PUCHEIRAZO***, que consistía na manipulación das urnas (substitucións, desaparición, anulación...) e do censo electoral, facendo figurar a persoas mortas polas que alguén metía o voto (votos de lázaros). Tratábase así de lograr o resultado pactado, e de impedir que sumasen votos os inimigos destes partidos, que eran especialmente os republicanos, nacionalistas e partidos obreiros (como o **PSOE**, fundado en 1879). Este sistema corrupto foi duramente criticado pola oposición política (que se sentía fóra do sistema) e polos chamados **REXENERACIONISTAS***, un movemento que xurdiu a partir do **Desastre do 98**, protagonizado por partidarios de rexenerar España, fomentando a educación, para lograr sacar ao país do caciquismo, da pobreza e do seu atraso xeral con respecto a Europa.

O máis coñecido foi o escritor e político aragonés **Joaquín Costa**, quen pedía un “**cirujano de hierro**”, capaz de extirpar con man firme o mal do caciquismo en España. O sistema continuará a inicios do XX, xa sen **Cánovas** e **Sagasta** (mortos) e cada vez con máis problemas (**Desastre do 98**, **Rexeneracionistas**, **nacionalismos periféricos**, **movemento obreiro**, **republicanismo...**), ata que en 1923, un militar, **Miguel Primo de Rivera**, se cargue o sistema dando un golpe de Estado, presentándose a si mesmo como aquel “cirujano de hierro” do que falaba **Joaquín Costa**. **Alfonso XIII**, no trono desde 1902 (aos 16 anos), non dixo nin mu... Sería a súa tumba como rei.